



Lula, ano tres en tres dimensiÃ³ns

Description



A visita do presidente Zapatero a Brasil coincide xusto cando o ex-lÃder sindical estÃ a saborear as meles doces dos excelentes datos econÃmicos, mesturadas coas mÃis amargas feles da fractura interna. No seu recente discurso de fin de ano proclamou que o 2005 serÃa o grande ano do seu mandato. O crecemento do PIB superior ao 5% do xigante latinoamericano durante o 2004, cousa que non acontecÃa dende hai dez anos, fixo levar de optimismo a Lula. (Foto: Â©Antonio Cruz/ABr 24/01/2005).

Dous anos de mandato desde o Palacio do Planalto en Brasilia, teÃ±en afiado as tres caras do presidente do Brasil, Luiz Inacio da Silva, ata configurar unha Presidencia tridimensional de pronunciadas arestas: a do posibilismo na economÃa, a do cuestionamento polas bases mÃis radicais do PT, e, a cara de actor relevante na polÃtica mundial.

A visita do presidente Zapatero a Brasil coincide xusto cando o ex-lÃder sindical estÃ a saborear as meles doces dos excelentes datos econÃmicos, mesturadas coas mÃis amargas feles da fractura interna. No seu recente discurso de fin de ano proclamou que o 2005 serÃa o grande ano do seu mandato. O crecemento do PIB superior ao 5% do xigante latinoamericano durante o 2004, cousa que non acontecÃa dende hai dez anos, fixo levar de optimismo a Lula.

Por fin! TiÃ±a conseguido transitar os desertos mÃis Ãridos nos que foi depositado na Presidencia polos 35 millÃ³ns de brasileiros que a finais do 2003 confiaron na onda de esperanza que venceu ao medo. No ano 2004 se crearon mÃis de dous millÃ³ns de empregos, cousa que tampouco acontecÃa dende hai mÃis de dez anos, o salario mÃnimo foi acrecentado por riba da inflaciÃ³n, que xa computa cun sÃ³ dÃxito anualmente, proclamando que en maio do 2005, roldarÃ a cifra reivindicativa mÃxica dos 300 reais. O risco Brasil que se situaba nos 1.693 puntos no Ãltimo ano do goberno de

Fernando Henrique Cardoso, reverteu ata os 430 na actualidade. A cara de Lula reflicte a satisfacción do repunte da súa popularidade ata as mesmas cotas do inicio do mandato.

Pero para chegar ao oasis do 2005, no ano tres da era Lula, antes tivo que soportar a dura cara dos rigores do que el mesmo deu en chamar "O ano da paciencia". Perdo no que asistiu á fractura do PT, á inestabilidade dos apoios parlamentarios e á dureza dialéctica máis ácida de boa parte da intelectualidade máis radical que sempre estivo pulando polo proxecto no que Luiz Inacio foi candidato por tres veces. Intelectuais como Ricardo Antunes chegaron a cuñar unha nova terminoloxía ideolóxica para definir o mandato Lula como de "Capitalismo Popular". Para este nutrido grupo de sálvados intelectuais, "a esquerda cando asume bandeiras neoliberais non ten límites", sentencian.

No ano da cara máis amarga, no ano da paciencia, a contestación radical supuxo a expulsión das parlamentarias Heloisa Helena ou de Luciana Genro, nun momento decisivo. A finais do ano 2004 chegaron as renuncias de persoas do círculo máis próximo como Frei Betto, Bernardo Kucinski, Ricardo Koscho ou Ana Fonseca. As críticas de intelectuais ligados ao PT como Chico Buarque ou "Scar Niemayer. A igrexa, a CUT os MST engrosaron a longa lista de detractores do posibillismo económico.

O acordo co FMI, para abrir unha liña de creto por valor de 14.000 millóns de dólares a finais do 2003 comprometeu ao goberno nun duro programa de axuste fiscal, que golpeou en forma de paro ou de perda de poder adquisitivo nas bases electorais máis achegadas ao PT.

Neste contexto, os socios parlamentarios, ideoloxicamente antinatura, cheiraban a crise, incrementando paulatinamente o prezo da factura polo soporte ao goberno. A trabe na que Lula sustentou o seu sostón parlamentar, se cimentaba nun conglomerado de 13 partidos, extremadamente fragmentados e heteroxéneos. Sen resultados positivos a curto prazo, o creto do que gozaba podería esgotarse de forma precipitada. O presidente precisa recompoñer o seu círculo de colaboradores máis estreito e consolidar os apoios parlamentarios. Mais coas cifras macroeconómicas enriba da mesa, a tarefa semella moito máis doada.

Pero se existe unha faceta na que o Presidente se sente máis cómodo na de Lãder Rexional. En dous anos visitou 35 países. Os seus oficios de mediador foron solicitados nos conflitos máis espíntos acontecidos en América Latina no bienio: na fractura social de Venezuela, na guerra do gas de Bolivia e nesta última semana na profunda greta aberta entre Venezuela e Colombia pola captura de Rodrigo Granda, chanceler das FARC, en territorio venezolano.

Máis alá da súa autoridade moral de Lãder Rexional, o goberno Lula está a inxerirse na política internacional en varias direccións en sintonía co mundo multipolar que propugna: procurando unha cadeira no Consello de Seguridade da ONU, ampliando e fortalecendo o MERCOSUR, artellando as relacións políticas e comerciais co sudeste asiático e Asia oriental, especialmente con China, revitalizando a CPLP (Comunidade de Países de Lingua Portuguesa). É nesta cara de diplomático na que goza dun recoñecemento xeralizado, tanto no interior como no exterior.

As previsións para o 2005 e 2006, adiantadas por JPMorgan, permiten seguir na liña do optimismo, con crecementos no PIB do 3,4% e 3,9% respectivamente, e cunha inflación anual por baixo do 6%. Haberá, pois, marxe para acentuar as políticas sociais dirixidas a corrixir os desequilibrios nun dos países máis desiguais do mundo.

Brasil se configura en Latinoamérica, como o principal obxectivo estratéxico a curto prazo para Europa. Así o manifestou Rodríguez Zapatero á súa chegada a Brasilia. Mais, de seguro, que non caeu na conta de que o seguinte país que visitaría no seu periplo latinoamericano sería Arxentina. Na beira dereita do Río da Prata non sentan demasiado ben as loubanzas dirixidas cara o poderoso veciño, o xigante de América Latina. Será o momento de comprobar a cintura diplomática do presidente Zapatero.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latin America ARCHIVE

IDIOMA

Galego

Date Created

January 27, 2005

Meta Fields

Autoria : 10036

Datapublicacion : 2005-01-27 00:00:00